



Situación do emprego no sector TIC e no sector da economía do coñecemento en Galicia. Ano 2011

OSIMGA - febreiro de 2012

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Presidencia - Xunta de Galicia

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2012

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.

Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O obxectivo deste informe é presentar un resumo dos datos de emprego do sector TIC e do sector da economía do coñecemento en Galicia correspondentes ao ano 2011. Este informe foi elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), a partir dos datos proporcionados polo IGE, procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social.

O informe consta de dous capítulos:

1. Emprego no sector TIC
2. Emprego no sector da economía do coñecemento

A continuación, relaciónanse os epígrafes CNAE que constitúen o sector TIC así como a definición do sector da economía do coñecemento, establecida para a Axenda Dixital de Galicia 2014.gal.

SECTOR DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

RELACIÓN DE CNAES

SECTOR TIC

26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados
26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos
26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións
58.2 Edición de programas informáticos
61.1 Telecomunicacións por cable
61.2 Telecomunicacións sen fíos
61.3 Telecomunicacións por satélite
61.9 Outras actividades de telecomunicacións
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web

95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación

SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN

581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais

591 Actividades cinematográficas, de video e de programas de televisión

592 Actividades de gravación de sonido e edición musical

601 Actividades de radiodifusión

602 Actividades de programación e emisión de televisión

639 Outros servizos de información

SECTOR EDITORIAL

1811 Artes gráficas e servizos relacionados coas mesmas

1812 Outras actividades de impresión e artes gráficas

1813 Servizos de preimpresión e preparación de soportes

182 Reprodución de soportes gravados

AXENCIAS DE PUBLICIDADE

7311 Axencias de publicidade

7312 Servizos de representación de medios de comunicación

SECTOR DA BIOTECNOLOXÍA

2014 Fabricación doutros produtos básicos de química orgánica

211 Fabricación de produtos farmacéuticos de base

212 Actividades biolóxicas en laboratorio farmacéutico

2344 Fabricación doutros produtos cerámicos de uso técnico

325 Fabricación de instrumentos e fornecementos médicos e odontolóxicos


7211 Investigación e desenvolvemento experimental en biotecnoloxía

7219 Outra investigación e desenvolvemento experimental en ciencias naturais e técnicas

1. Emprego no sector TIC

Tomando como referencia os datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística, o número de empresas do sector TIC de Galicia, no ano 2011, ascende a 1.897, experimentando un crecemento do 7,4% no período 2010 – 2011.

O nivel de emprego no sector TIC galego situouse en 2011 nun promedio de 15.855 traballadores/as. A evolución interanual do emprego no sector mostra unha tendencia de equilibrio cos resultados do ano 2010 en que a media de empregados/as (15.851) foi case idéntica.



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2007-2011

Nota: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev. 2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución do indicador

Aínda que se observa un pequeno crecemento no total de traballadores/as do sector TIC, esta suba experimentouse só nos empregados/as do réxime xeral mentres que nos autónomos produciuse un decrecemento.

Na seguinte táboa móstrase a distribución do emprego no sector TIC en 2010 e 2011 segundo o tipo de réxime da Seguridade Social.


EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O TIPO DE RÉXIME. ANO 2010 - 2011

Ano / Réxime	Réxime xeral	Réxime especial de autónomos	Total
Media 2010	12.131	3.720	15851
Media 2011	12.301	3.554	15.855

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Xuño / decembro 2010-2011

As mulleres seguen a estar infrarrepresentadas nas empresas TIC. En 2011, no sector TIC traballaban 6.118 mulleres fronte a 9.737 homes, o que se traduce nunhas porcentaxes do 38,6% de mulleres fronte ao 61,4% de homes.


EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O SEXO. ANO 2011



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Media de xuño e decembro 2011

A provincia da Coruña concentra máis da metade do emprego do sector TIC, con 8.570 traballadores/as do sector TIC, que representan o 54,1% do total de emprego deste sector. A continuación, sitúase Pontevedra con 4.833 traballadores / as, un 30,5% do total do emprego do sector TIC.

EMPREGO NO SECTOR TIC DE GALICIA SEGUNDO A PROVINCIA. AÑO 2011




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Media de xuño e decembro 2011

O emprego do Sector TIC representa o 1,6% do total afiliacións á seguridade social en Galicia durante o ano 2011, 15.855 traballadores /as fronte a un total de 980.280 afiliacións. Esta proporción non variou desde o ano 2009.

Taxa de emprego do sector TIC respecto do total de ocupados/as

EVOLUCIÓN

(% sobre o total de empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

2. Emprego no Sector da economía do coñecemento¹

O nivel de emprego no sector da economía do coñecemento situouse en 2011 nos 31.743 traballadores/as. Perto da metade dos empregados/as proceden do sector TIC (49,9%) e o 19% do sector Contidos e Medios de Información.

EMPREGO NO SECTOR DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO DE GALICIA. PROMEDIO 2011



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Media de xuño e decembro 2011

Un 80,3% dos traballadores/as do sector da economía do coñecemento cotizan no rexime xeral e un 19,7% son autónomos.

Na seguinte táboa móstrase a distribución do emprego no sector da economía do coñecemento durante o ano 2011 segundo o tipo de réxime da Seguridade Social.

¹ Non se dispoñen de datos anteriores a 2011 correspondentes á totalidade deste sector.


EMPREGO NO SECTOR SEGUNDO O TIPO DE RÉXIME. PROMEDIO 2011

SECTOR / RÉXIME	Réxime xeral	Réxime especial de autónomos	Total
SECTOR TIC	12.301	3.554	15.855
SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN	5.232	804	6.036
SECTOR EDITORIAL	2.589	765	3.353
AXENCIAS DE PUBLICIDADE	1.982	872	2.853
SECTOR DA BIOTECNOLOXÍA	3.387	261	3.647
TOTAL SECTOR DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO	25.489	6.254	31.743

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Media de xuño e decembro 2011

A distribución do emprego no sector da economía do coñecemento segundo o sexo presenta unha distribución semellante á existente no sector TIC. Só catro de cada dez traballadores/as do sector da economía do coñecemento son mulleres.


EMPREGO NO SECTOR DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO SEGUNDO O SEXO. ANO 2011



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Media de xuño e decembro 2011

A provincia da Coruña concentra máis da metade do emprego do sector da economía do coñecemento, con 17.030 traballadores/as do sector da economía do coñecemento, que representan o 53,6% do total de emprego deste sector; seguido de Pontevedra cun 32,6%.

EMPREGO NO SECTOR DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO DE GALICIA SEGUNDO A PROVINCIA. ANO 2011



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Media de xuño e decembro 2011

O emprego do Sector da Economía do Coñecemento representa o 3,2% do total afiliacións á seguridade social en Galicia durante o ano 2011, 31.743 traballadores /as fronte a un total de 980.280 afiliacións.



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e da Modernización
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA